

ADDENDA A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE LINGUA FRANCESA

CURSO 2021-22

IES FERNANDO ESQUIÓ

Segundo a publicación da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, da ESO e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia modifícase o proceso e instrumentos de avaliación na ESO para este curso 2021-22.

Avaliación continua:

Na materia de lingua francesa a avaliación é continua, formativa e integradora; en cada trimestre realizaranse probas para avaliar as 5 destrezas da lingua determinadas polo MERC: comprensión, expresión, interacción, produción e mediación (incluída nas producións orais e escritas) traballadas a través dos estándares.

Cando a progresión non sexa adecuada faranse medidas de reforzo para adquirir as aprendizaxes imprescindibles para garantir o proceso educativo. Estas medidas poderán adoptarse en calquera momento do curso con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais.

Neste curso 2021-22 realizaranse tres sesións de avaliación parciais e unha avaliación final no mes de xuño.

A nota final de cada avaliación obterase da nota ponderada dos estándares traballados e cun redondeo á alza si a diferenza é de 0.5. Para poder acadar unha cualificación positiva o alumno ten que obter un mínimo de 3 puntos en cada unha das destrezas traballadas.

Para obter a cualificación positiva na terceira avaliación parcial na ESO farase a media aritmética das notas obtidas nas tres avaliacións para o que é necesario superar cada unha delas.

De todos os xeitos, terase en conta a evolución positiva ou negativa do alumno ao longo do curso, tendo presente o principio de avaliación continua.

No período entre a terceira avaliación e a avaliación final, (unha vez obtida a cualificación da terceira avaliación parcial na ESO) dedicarase a actividades de

recuperación e reforzo dos estándares non superados para o alumnado que non obtivera unha media aritmética de 5, co fin de facilitar que dito alumnado poida aprobar a materia.

Cada alumno recibirá unha comunicación por parte da docente coa(s) destreza(s) a reforzar e fará unha proba na que demostré a adquisición das citadas destrezas.

En caso de que o alumnado non poida asistir á aula estas actividades de recuperación se recollerán en apartados específicos dentro da aula virtual e se realizarán de forma telemática.

Neste periodo entre a terceira avaliación e a avaliación final o alumnado que teña unha media igual o superior a 5 nas tres avaliacións parciais fará actividades de reforzó ou ampliación sobre os estándares superados.